

BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.

1.-DEFINICIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas de carácter cultural -con sede ou delegación social na provincia de Lugo- para a realización de actividades culturais na anualidade de 2018, cuxo obxecto social sexa a promoción cultural, e cuxos fins redunden na:

- Dinamización cultural en todas as súas vertentes.
- No beneficio das correspondentes colectividade e do interese xeral, potenciando a historia, a música, as tradicións de Galiza, o uso do idioma galego en todas as actividades que se leven a cabo
- Actividades de potenciación do patrimonio material e inmaterial do país.

E fundamentalmente aquelas actividades, accións ou comportamentos con especial,

- Incidencia sobre a promoción dos valores culturais e tradicionais da área de influencia onde se desenvolvan.
- Incidencia sobre a adecuación do seu proxecto ao interese das comarcas onde se leven a cabo.
- Incidencia sobre o emprego da lingua galega no seu desenvolvemento.
- Incidencia sobre a adecuación do seu proxecto en relación coas necesidades e características culturais dos sectores de poboación destinatarios da actividade, acción ou comportamento.
- Incidencia sobre os proxectos que teñan un marcado interese comunitario cultural de forma que reforen a estrutura social e supoñan un beneficio colectivo para o interese cultural de todos os cidadáns do municipio.

*** Quedan excluídas desta convocatoria as axudas para comidas, para as viaxes que non leven incorporado unha actividade cultural complementaria** (enténdase as subvencións de viaxes non poderán ser só xustificadas con facturas de transporte, debendo presentarse- cando menos- facturas ou documentos xustificativos que acrediten que se realizaron actividades culturais na propia viaxe (visitas a museos, conxuntos patrimoniais,...), **para ás festas patronais, e eventos relixiosos.**

● Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as axudas para a promoción, fomento e difusión da artesanía, segundo as consideracións “para actividades artesanais “ recollidas na Orde do 2 de xuño de 2014 pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 185, do 24 de setembro).

En consecuencia, non se subvencionarán as accións e actividades artesanais recollidas na referida Orde, de acordo coas divisións e denominacións reflectidas na citada orde, **dado o compromiso adquirido pola Deputación de Lugo con este tipo de actividades e posto de manifesto en outro tipo de axudas.**

Ademáis teranse en conta as seguintes consideracións:

- Non se subvencionarán:
 - Aqueles proxectos que se leven a cabo fóra do ámbito territorial da provincia Lugo nos que os beneficiarios non formen parte do conxunto demográfico lucense, (aínda que estean integrados nunha programación global e organizados por unha asociación que teña a súa sede social na provincia de Lugo).
 - Aqueles proxectos de carácter deportivo, relixioso, político, militar e- en xeral que sexan corporativos restrictivos, xa que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións culturais para a poboación en xeral, senón unicamente entre o colectivo dos seus socios e das súas familias (dado que non se trata de asociacións ou colectivos abertas á poboación xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vencelladas a un colectivo concreto)
 - **De igual xeito este ano establécese que, cando menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.**
 - **Réxime da convocatoria:**

- As subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018 teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularase na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades artísticas, recreativas e de entretemento (código sector económico R). Esta axuda ten unha finalidade de promoción cultural (código finalidade 11), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).
 - Estes códigos refírense á información para a base de datos nacional de subvencións.

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, enténdese por gastos subvencionables os que respondan indubidablemente á natureza da actividade e, cuxo importe presentado sexa o custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas. Do mesmo xeito, os gastos serán os estritamente necesarios.

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sendo necesario que este se atope pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e, que se acredite o seu pagamento. Non obstante, debe terse en conta que non se admitirán -para esta convocatoria- facturas por inversión ou por compra de material inventariable.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actividades e actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente - contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

3.- REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR OS BENEFICIARIOS

As entidades beneficiarias receptoras da subvención terán os dereitos e obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 5, da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, e en todo caso:

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades culturais que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nestas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases, se atope na situación que llexítima a súa concesión.

* **En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia)**, adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

* Así mesmo quedan expresamente excluídas desta convocatoria aquelas asociacións culturais que contén no orzamento da Deputación de Lugo da anualidade 2018 cunha subvención nominativa de carácter cultural para a mesma actividade

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, quen conorra nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Que fose condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Que solicitase a declaración de concurso voluntario, fose declarado insolvente en calquera procedemento, se atope declarado en concurso, agás que este adquirise a eficacia dun convenio, estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Que dese lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5 /2006 de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou por se tratar de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5 / 1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente do pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

h) Que fose sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a esta ou a outras leis que así o establezan.

i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.

k) Atoparse nalgún dos supostos que impidan a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9//2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

3.a- Obrigas dos beneficiarios

a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

b) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

c) Acreditar ante a Excm. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Excm. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicar á Deputación Provincial a obtención de subvencións/axudas ou patrocinios (sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. Dita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.

i) Os perceptores da subvención poderán subcontratar o 100% do importe das actividades obxecto desta.

j) Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da Deputación de Lugo e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que -ao uso- utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.

k) De igual xeito este ano establécese que, cando menos o 5% do custo total da actuación subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

l) En caso de solicitar subvención para actividades culturais nas que participen menores de idade, as entidades asociativas culturais solicitantes asumen a responsabilidade de que todo o persoal ao que lle corresponde a realización das actividades (incluído o voluntario), cumpra co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

3.b- Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

4.- CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

As subvencións -que se concedan segundo as presentes bases reitoras da convocatoria e de acordo co Plan Estratégico de Subvencións para a Excm. Deputación Provincial de Lugo 2017-2019 terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2018, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

5.- ORZAMENTO

A cantidade destinada para a concesión de "SUBVENCIÓN DE CARÁCTER CULTURAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL" ano 2018, será de douscentos oitenta mil euros (280.000,00 €) con cargo á aplicación 3340/48900 do orzamento do ano 2018 e contemplada no Plan estratéxico de subvencións desta Deputación Provincial de Lugo (anualidade 2018), encadrado na súa liña de actuación 5.2. c da Área de Turismo e Cultura.

As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo previsto. Nese caso poderanse compatibilizar ata a contía do devandito orzamento.

A distribución da aplicación nas diversas finalidades destas bases quedará constituída en función das necesidades globais da acción subvencionadora do organismo e sempre atendendo ao cumprimento con máxima eficiencia da promoción cultural na provincia de Lugo.

6.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A área de Turismo e Cultura (Cultura) será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e o Sr. Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, debendo facer constar -de xeito expreso- a desestimación do resto das solicitudes, se é o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

* Para a concesión das subvencións teranse en conta os seguintes **CRITERIOS DE VALORACIÓN:**

CRITERIOS	VALORACIÓN
-Calidade e interese do proxecto desde o punto de vista cultural, patrimonial e etnográfico.	*Alto: 5 puntos *Medio: 3 puntos *Baixo: 1 puntos
- Carácter/ natureza da acción	* Actividade de carácter/natureza xenérica: 5 puntos. * Actividade de carácter/natureza singular: 10 puntos.
- Criterios de valoración social, segundo os valores que se difundan e/ou transmitan.	*Actividades que fomenten a igualdade de xénero: 10 puntos *Actividades que fomenten a integración de persoas con capacidades diferentes: 10 puntos. * Actividades que fomenten valores interxeneracionais: 10 puntos.
-Grao de dispersión territorial e poboacional	*Entidades culturais beneficiarias de concellos de menos de 2.000 habitantes: 15 puntos. * Entidades culturais beneficiarias de concellos de 2.001 a 4.000 habitantes: 10 puntos. *Entidades culturais beneficiarias de concellos de 4.001 a 8.000 habitantes: 8 puntos. *Entidades culturais beneficiarias de concellos de 8.001 a 10.000 habitantes: 4 puntos. *Entidades culturais beneficiarias de concellos de máis de 10.000 habitantes: 2 puntos.
- Grao de consolidación das actividades que se levan a cabo	*Actividade cunha antigüidade entre 2 e 4 anos: 2 puntos *Actividade cunha antigüidade entre 5 e 8 anos: 4 puntos

	<p>*Actividade cunha antigüidade entre 9 e 12 anos: 6 puntos</p> <p>*Actividade cunha antigüidade de máis de 12 anos: 10 puntos.</p>
- Calidade e viabilidade da actividade.	<p>*Alta: 15 puntos</p> <p>*Media: 10 puntos</p> <p>*Baixa: 5 puntos</p>
- Grado de execución e xustificación dos proxectos anteriormente subvencionados á entidade beneficiaria solicitante (período dos últimos 4 anos)	<p>*Alto: 15 puntos</p> <p>*Medio: 10 puntos</p> <p>*Baixo: 5 puntos</p>
-Outras axudas/subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións, entes públicos ou entidades privadas para o desenvolvemento da mesma actividade.	<p>*Si se solicita/ou axuda a unha soa administración, ente público ou entidade privadas: 5 puntos</p> <p>* Si se solicitan ou solicitaron axudas a dúas ou máis administracións, entes públicos ou entidades privadas:10 puntos</p> <p>*Non se solicitan: 0 puntos</p>

* Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor económico do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario asignado entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes valoradas (enténdase que se refire ás solicitudes admitidas e completas de acordo coas bases), respetando- en todo caso- o importe mínimo e máximo establecido nesta convocatoria.

En consecuencia a axuda a percibir será a resultante de multiplicar os puntos obtidos por cada solicitante polo valor en euros do punto, de acordo co establecido anteriormente.

No suposto de existir remanentes, repartiranse de maneira proporcional aos puntos obtidos por cada solicitante, sempre respectando os máximos e os mínimos establecidos.

Non obterán subvención, aquelas entidades/asociacións culturais solicitantes que non logren a puntuación suficiente para que multiplicada polo valor en euros do punto- de acordo co mecanismo indicado anteriormente-, teña como resultado un importe inferior aos 300 euros, importe mínimo establecido na presente convocatoria, de acordo co establecido no Plan Estratéxico de Subvencións 2017- 2019, apartado 12.1.

7.- IMPORTE DA SUBVENCIÓN

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
• Actividades culturais 2018.	300 €	3.000 €

- A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que cando menos o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- En caso de incumprimento do previsto no paragrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras, de Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, acción ou comportamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais- reflectidas nestas bases- poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A Xunta de Goberno só concederá unha axuda a cada actividade para os efectos de que haxa máis dun participante no concurso que solicite axuda para a mesma actividade.

A Xunta de Goberno pode decidir ratear os importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atendelas.

8.-SOLICITUDES: Presentación, prazos, lugar de presentación, órgano ao que se dirixe a petición e documentación a presentar:

As solicitudes, dirixidas ao Presidente de Deputación de Lugo, formularanse nos modelos oficiais, os cales serán facilitados directamente pola Deputación Provincial: un exemplar da solicitude- xunto coa documentación que se acompañe- presentaranse no Rexistro Xeral de Deputación, quedando outro exemplar en posesión dos interesados.

O prazo de presentación de solicitudes **será de 15 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Nesta convocatoria, cada entidade solicitante poderá formular unha única solicitude

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, acompañándoas daqueles documentos requiridos para cumprir a condición de beneficiario e- no seu caso- daqueles outros que conveñan para a definición e valoración da axuda solicitada en función das finalidades establecidas nestas bases.

De acordo co artigo 68. Emenda e mellora da solicitude da Lei 39/2015, se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, se for o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos da **documentación administrativa presentada**, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

Documentación a presentar:

→ Documentos comúns a presentar coa solicitude

- **Certificación orixinal acreditativa da entidade** do acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial e **do acordo do nomeamento do representante da entidade** para as relacións coa Deputación Provincial.
- **Copia do documento nacional de identidade** do representante da entidade.
- **Fotocopia dos estatutos da entidade**, inscritos no rexistro de asociacións correspondente. No caso de telos presentados con anterioridade, deberá achegar certificado do secretario da entidade de non ter producidas modificacións.
- **Certificación orixinal da entidade** onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.
- **Declaración xurada do representante da entidade** de ter a entidade que representa a condición de beneficiario.
- **Declaración xurada do representante de axudas/ subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas** por outras administracións para a mesma actividade.
- **Autorización do representante da entidade** para que, se así se considera, a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes- os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e Seguridade Social).
- Copia do CIF da entidade.**

→ Documentos específicos a presentar coa solicitude:

- **Proxecto concreto ou memoria valorada**, para o que se pretende a subvención e orzamento pomenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como o seu sistema de financiamento. Nesta memoria deberá aparecer obrigatoriamente- entre outros- a seguinte información que se precisa para a valoración do proxecto, segundo se desprende da táboa de Criterios de Valoración (punto 6 das bases da convocatoria) :

-Calidade e interese do proxecto desde o punto de vista cultural, patrimonial e etnográfico.
- Carácter/ natureza da acción
- Criterios de valoración social, segundo os valores que se difundan e/ou transmitan.
-Grao de dispersión territorial e poboacional
- Grao de consolidación das actividades que se levan a cabo
- Calidade e viabilidade da actividade.
- Grado de execución e xustificación dos proxectos anteriormente subvencionados á entidade beneficiaria solicitante (período dos últimos 4 anos)
-Outras axudas/subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións, entes públicos ou entidades privadas para o desenvolvemento da mesma actividade.
-DURACIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE
- OBXECTIVOS E ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS POR CONCEPTOS DA ACTIVIDADE

- **Certificación do secretario da entidade do orzamento** de gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento, segundo modelo normalizado.

- Calquera outro documento que se considere necesario para permitir unha mellor valoración da subvención solicitada.

9.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro do 2018.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non conclúese pola propia natureza desta, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial, e tendo en conta tamén que a ampliación non exceda da metade deste e sempre que con isto non se prexudiquen dereitos de terceiros.

10.- RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN

A Xunta de Goberno- a proposta do órgano instructor - resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Non se concederá ningunha subvención ata que non se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores concedidas pola Deputación Provincial de Lugo.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.org>, tableiroanuncios.deputacionlugo.org, enlace: [g:tablón - Deputación de Lugo](#).

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención)- de conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencions desta Deputacion. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado podera entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administartivo común das Administracións Públicas

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

11. - XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, é polo que unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na área de xestión correspondente coa seguinte documentación:

***Memoria de actuación xustificativa** e custo total da actividade, acción ou comportamento realizado sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logros acadados na acción ou comportamento subvencionado.

*** Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada**, que conterà:

1.- Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento

2.-Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e data de pago.

No caso de relacionarse nóminas deberán vir desglosados, o salario líquido, a seguridade social e o IRPF. Soamente será necesario indicar as datas de pago dos gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo

3.-Facturas e documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo ata o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas polo órgano xestor.

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago dos gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación. En cada momento, estarase ao establecido pola normativa vixente.

4.- Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores.

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiación do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo en data", asinada polo receptor con identificación do mesmo (N.I.F., nome e apelidos). En cada momento, estarase ao establecido pola normativa vixente.

5.-Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

6.- Declaración responsable da entidade da relación detallada das subvencións / axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

***Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social.** Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado. Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á Simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. Para esta situación, deberase achegar e presentar unha declaración responsable, (segundo o modelo normalizado) que substituirá á presentación das certificacións previstas no artigo 22 do mencionado Real Decreto.

*** Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro,** segundo o modelo normalizado.

***Documento emitido pola entidade bancaria** no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

*Se é o caso, **declaración responsable do representante** de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita a subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

*** Acreditación,** se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a **imaxe corporativa** da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

12.- PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, **rematará o 31 de marzo de 2019.**

Para os casos establecidos na base 9ª (parágrafo II), este prazo poderá modificarse atendendo á excepcionalidade e motivación que fundamente a modificación do prazo de execución do xeito que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención – previo trámite do expediente- e, tamén ao reintegro da contía anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro ou a data na que o deudor ingrese o reintegro se fose anterior a ésta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

13.- REDUCIÓNS

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase á redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5 %, si do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5 % esixido.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención e por ende ao reintegro da contía anticipada e á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro ou a data na que o deudor ingrese o reintegro se fose anterior a ésta, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións ao que remite o artigo 34 da mesma; no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación e no 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia

14.- A RENUNCIA

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

15.-PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra en forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1.- Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2.- Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- 3.- Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

O órgano competente para a aprobación do Plan de Auditoría anual será a Xunta de Goberno Provincial.

16.- SUPOSTOS DE REINTEGRO

Estarase ao disposto nos artigos 41 a 43 da Lei Xeral de Subvencións, desenvolto polos artigos 94 e 95 do RLXS e, en calquera caso, ao disposto na normativa concordante vixente en cada momento.

17.- RÉXIME DE RECURSOS

As resolucións de concesións ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin a vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación no B.O.P da resolución de concesión ou denegación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación no B.O.P. da resolución de concesión ou denegación, e na forma prevista na lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

18.- OUTRAS DISPOSICIÓNS

No non previsto nesta CONVOCATORIA estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 29/ 1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa
- A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R. D. 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- O Regulamento Orgánico da Deputación.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

19.- OUTRAS DETERMINACIÓNS

- Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo 2017-2019.

Lugo, a 7 de maio de 2018.

O Presidente.-
Darío Campos Conde

O Secretario Xeral.-
Cristóbal Vísctor Fraga Bermejo.